

## CONVOCATORIA DAS ELECCIÓNS Á DIRECCIÓN DO DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o Regulamento electoral aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 28 de setembro de 2016, como director en funcións do Departamento de Psicoloxía, resolvo convocar as eleccións á dirección deste Departamento segundo as bases que se achegan con este escrito.

A Coruña, 25 de outubro de 2019  
O director en funcións

Ramón González Cabanach

| Código Seguro De Verificación | VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==                                                                                                                          |  |  | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Ramón González Cabanach                                                                                                                           |  |  | Asinado | 25/10/2019 11:45:54 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   |  |  | Páxina  | 1/6                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==">https://sede.udc.gal/services/validation/VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==</a> |  |  |         |                     |



## **BASES DA ELECCIÓN DE DIRECTOR/A DO**

### **DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA**

#### **A) PROCEDEMENTO**

##### **I) COLEXIO ELECTORAL**

O Consello do Departamento de Psicoloxía constituirá o colexio electoral para as eleccións a director/a do departamento.

##### **II) ELIXIBLES**

Son elixibles no colexio electoral os electores respectivos que reúnan os seguintes requisitos:

Nas eleccións a dirección de departamento son elixibles os membros do consello profesores doutores con vinculación permanente á Universidade que foren proclamados candidatos de forma definitiva. De acordo co artigo 16.4 do Regulamento electoral xeral, se o número de candidaturas definitivas proclamadas fose só unha, a candidatura definitiva será proclamada electa sen necesidade de proceder á votación.

A pesar do disposto no parágrafo anterior, poderá ser elixible nas eleccións a director/a de departamento o profesorado que non for doutor con vinculación permanente, nos seguintes supostos:

- Cando ningún membro do profesorado doutor con vinculación permanente for proclamado candidato.
- Cando existindo persoas candidatas profesoras doutoras con vinculación permanente, ningunha delas obtivese os votos da maioría absoluta dos membros do consello do departamento. Na sesión extraordinaria do consello do departamento (segundo o artigo 45 do Regulamento electoral xeral) poderá presentarse como persoa candidata calquera persoa do profesorado do consello do departamento. Neste suposto, os membros do profesorado non doutor con vinculación permanente así proclamados candidatos só poderán resultar elixidos directores de departamento cando

| Código Seguro De Verificación | VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Ramón González Cabanach                                                                                                                           | Asinado | 25/10/2019 11:45:54 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 2/6                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==">https://sede.udc.gal/services/validation/VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==</a> |         |                     |



obtiveren, en segunda volta, un número de votos superior ao acadado polo membro do profesorado doutor con vinculación permanente que obtivese un maior número de votos en primeira volta. De non se dar este suposto, proclamarase director/a o/a candidato/a membro do profesorado doutor con vinculación permanente que obtivese un maior número de votos en primeira volta.

### III) ELECTORES

Nas eleccións a dirección de departamento son persoas electoras todos os membros do consello de departamento correspondente, agás o profesorado doutor vinculado por relación laboral temporal que non cumprir os límites temporais previstos no artigo 3.1.b.

### IV) PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

As candidaturas, dirixidas ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse no Rexistro do centro correspondente, no Rexistro da UADI, no Rexistro Xeral da UDC ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e Campus de Esteiro) do día **do 29 de outubro (martes) ao 4 de novembro de 2019 (luns), até as 14:00 h** de acordo co que dispón esta resolución e o Regulamento electoral xeral.

O escrito, asinado polo candidato, conterá os seguintes extremos:

- a) Nome e apelidos
- b) Número do documento oficial de identificación
- c) Centro e departamento a que está adscrito
- d) Sinatura

A proclamación provisional de candidatos será feita pola UADI. As reclamacións e recursos contra esta proclamación provisional, dirixidos ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse nos rexistros citados do día **6 de novembro (mércores) ao 7 de novembro de 2019 (xoves), até as 14:00 h**, e serán resoltos pola Comisión Electoral Central. A

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | Ramón González Cabanach                                                                                                                           | Asinado | 25/10/2019 11:45:54 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 3/6                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==">https://sede.udc.gal/services/validation/VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==</a> |         |                     |



proclamación definitiva de candidatos, de non existir reclamacións ou recursos ou unha vez resoltos, será feita pola UADI tras recibir a comunicación da resolución pola Comisión Electoral Central.

## V) MODO DE TER LUGAR O CONSELLO PARA A ELECCIÓN DE DIRECTOR/A

- a) O consello de departamento reunirase en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria. Será presidida polo/a director/a en funcións, salvo que se presentar como candidato/a, en cuxo caso será substituído/a polo membro de máis idade presente no consello. O/a presidente/a concederá un espazo de 15 minutos a cada candidato/a para estes exporen ante o consello o seu programa, e a continuación outros 15 minutos para responderen as preguntas que lles formularen os membros do consello. Finalizadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.
- b) Nesta sesión actuará como secretaria a persoa que o for do departamento, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designar o/a presidente.
- c) As papeletas, que serán elaboradas pola UADI, conterán a relación de candidatos proclamados definitivamente, colocados por orde alfabética, e unha casilla ao lado para marcar o voto a favor do candidato e respectando o establecido no artigo 20 (modo de exercicio do dereito ao voto) do Regulamento electoral xeral.

## VI) PROCLAMACIÓN DE ELECTO

- a) Será proclamada decano/a aquela persoa candidata que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros da Xunta.
- b) No caso de non haber ningunha persoa candidata que obtiver a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación, en que resultará elixida a persoa candidata que obtiver un maior número

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | Ramón González Cabanach                                                                                                                           | Asinado | 25/10/2019 11:45:54 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 4/6                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==">https://sede.udc.gal/services/validation/VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==</a> |         |                     |



de votos. Esta votación producirase na mesma sesión do consello, mesmo que resultar de aplicación o establecido polo artigo 44.2 deste regulamento.

- c) O resultado da votación será comunicado á Comisión Electoral Central para a súa correspondente publicación de acordo coa convocatoria das eleccións

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==                                                                                                                          |         |                     |
| Asinado Por                   | Ramón González Cabanach                                                                                                                           | Estado  | Data e hora         |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Asinado | 25/10/2019 11:45:54 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==">https://sede.udc.gal/services/validation/VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==</a> |         |                     |
|                               |                                                                                                                                                   | Páxina  | 5/6                 |



## **B) CALENDARIO ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS Á DIRECCIÓN DO DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA**

1.- Convocatoria de eleccións: 28 de outubro de 2019 (luns).

2.- Presentación de candidaturas: do 29 de outubro (martes) ao 4 de novembro de 2019 (luns), até as 14:00 h.

3.- Proclamación provisoria de candidaturas: 5 de novembro de 2019 (martes).

4.- Prazos de presentación e de resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisional de candidaturas:

Prazos de presentación: 6 de novembro (mércores) ao 7 de novembro de 2019 (xoves), até as 14:00 h.

Prazos de resolución: do 8 de novembro (venres) ao 11 de novembro de 2019 (luns).

5.- Proclamación definitiva de candidaturas: 12 de novembro de 2019 (martes).

6.- Campaña electoral: do 13 de novembro (mércores) ao 15 de novembro de 2019 (venres).

7.- Data das eleccións en xunta extraordinaria de Escola: **19 de novembro de 2019** (martes).

8.- Proclamación provisional de candidatura electa: 20 de novembro 2019 (mércores).

9.- Prazo de presentación, de resolución de recursos e solicitudes de rectificación á proclamación provisional do candidatura electa:

Prazos de presentación: do 21 de novembro 2019 (xoves) ao 22 de novembro de 2019 (venres), até as 14:00 h.

Prazos de resolución: do 25 de novembro de 2019 (luns) ao 27 de novembro de 2019 (mércores).

10.- Data de proclamación definitiva da candidatura electa: 28 de novembro de 2019 (xoves).

|                               |                                                                   |             |                     |
|-------------------------------|-------------------------------------------------------------------|-------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg==                                          |             |                     |
| Asinado Por                   | Ramón González Cabanach                                           | Estado      | Asinado             |
| Observacións                  |                                                                   | Data e hora | 25/10/2019 11:45:54 |
| Url De Verificación           | https://sede.udc.gal/services/validation/VsDC02EQ6vY0Pw5Gj/I5Hg== |             |                     |
|                               |                                                                   | Páxina      | 6/6                 |

